



A *Normativa de Planificación Académica anual do curso 2018/2019* (en diante PAA) aprobada no Consello de goberno do 01/12/17 establece como Anexo I o *Calendario de Planificación Académica anual*, no que figuran os prazos para que os centros graven os horarios das materias e os departamentos teñan esta información para elaborar o plan de organización docente dos departamentos.

O Calendario Académico para o curso 2018/2019 aprobado no Consello de Goberno do 5/03/2018 regula, entre outras cuestións, o comezo e final de cada cuadrimestre, apertura de actas, exames, etc., que afecta para a gravación dos horarios das materias de xeito que, ao non terse aprobado, os centros non puideron comezar a gravar os horarios das materias na aplicación Xescampus, acción que tería que ter comezado o pasado 19 de febreiro.

Esta situación reduciu, de feito, o tempo que no Calendario da PAA tiñan os centros para gravar os horarios das materias.

Polo que verbo de todo o anterior e tendo en conta o apartado II Oferta Académica das titulacións Oficiais da USC: Graos, mestrados e doutoramentos, artigo 6 Calendario de Planificación Académica Anual da PAA do curso 2018/2019 no que se autoriza a esta Vicerreitoría a modificar o Calendario a petición dos axentes que interveñen, e sendo esta unha petición que formularon os centros,

RESOLVO,

Primeiro.- Modificar as datas do Calendario de Planificación Académica Anual do curso 2018/2019 segundo se indica:

- 28 de marzo, data límite para a gravación dos horarios das materias na aplicación Xescampus.
- 2 de abril, comunicación aos centros do inicio do proceso de POD e da programación docente das materias polos departamentos e apertura da aplicación Xescampus para que os departamentos introduzan o POD e a programación docente da materias.
- 20 de abril, data límite para que os departamentos cubran o POD na aplicación Xescampus.
- 9 de maio, data límite para que a vicerreitoría aprobe ao POD dos departamentos.

Segundo.- Actualizar toda a información do ANEXO I Calendario de Planificación Académica Anual 2018/2019, da PAA.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018

Por delegación do Sr. Reitor

(RR do 19.06.2014 – DOG do 30.06.2014)

O Vicerreitor de Organización Académica e Personal Docente e Investigador

Luís Lima Rodríguez

ANEXO I
CALENDARIO DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA ANUAL 2018/2019

| Días hábiles | Datas | Centros | Departamentos | Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador |
|--------------|-------------|---|---|--|
| 14 días | 15 xanerio | Apertura da aplicación Xescampus para que os centros cubran o PDA | Comunicación aos departamentos do inicio do proceso de PDA nos centros. | |
| | 2 febreiro | Data límite para que os centros cubran o PDA na aplicación Xescampus | | |
| 10 días | 16 febreiro | | | Data límite para que a vicerreitoría aprrobe os PDA dos centros |
| 28 días | 19 febreiro | Apertura da aplicación Xescampus para a gravación dos horarios das materias | | |
| | 28 marzo | Data límite para a gravación dos horarios das materias na aplicación Xescampus | | |
| 15 días | 2 abril | Comunicación aos centros do inicio do proceso de POD e da programación docente das materias polos departamentos | Apertura da aplicación Xescampus para que os departamentos introduzan o POD e a programación docente das materias | |
| | 20 abril | | Data límite para que os departamentos cubran o POD na aplicación Xescampus | |
| 12 días | 9 maio | | | Data límite para que a vicerreitoría aprrobe o POD dos departamentos |
| 29 días | 14 maio | | Data límite para a aprobación da programación docente das materias nos departamentos e comunicación aos centros | |
| 8 días | 24 maio | Data límite para a aprobación da programación docente das materias nos centros e publicación na web institucional da USC. | | |